

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Cariño (expediente IN407A 2025/131-1).

Expediente: IN407A 2025/131-1

Solicitante:: UFD Distribución Electricidad S.A.

Denominación: Retranqueo CT Sagron y CT Cnotas -Cariño-

Termo municipal: Cariño.

1. Características técnicas:

Instalación dun CT prefabricado 3L1P de 250 KVA de potencia, para substituír ó actual CT 15CU14 Sagrón (Expte: IN407A 2016/766-1) que se desmantela.

Instalación dun CT prefabricado 2L1P de 250 KVA de potencia en el lugar de Fontao, para substituír ó actual CT 15AU49 Canotas (Expte.: IN407A 2015/402-1).

Desmantelamento da LMTA que une os CT Sagrón e Canotas e o seu paso a subterráneo, sendo necesario o cambio por un CT tipo 2L1P, para poder dar continuidade á LMT ata o CT particular 15PLLO BOMBAS AGUA CARIÑO: Desmantelamento de 419 m de LMTA MEA-805 comprendidos entre o CT 15CU14 Sagrón e o CT 15AU49 Canotas e 110 metros de condutor LAC-80 sen servizo. Desmantelamento de 3 apoios de celosía e 3 apoios de formigón pertencentes a estes tramos.

Substitución do apoio existente B84E2ND5//98 por un novo apoio tipo C-4500-22 en fin de liña no que se instalan un PAS e un seccionador tipo XS para continuar o servizo ó CT 15PLT3.

2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).





- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Director territorial





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Cariño.

Nº parcela	Paraxe e referencia catastral	Cultivo	Propietario/a	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m ²	ml aé	ml sot	m ² aé	m ² sot
1	RU PEDRA 28 Ref.Catastral: 0532131NJ9413S0001WY	Urbana	- Casimelindo SL R/ Montero Ríos Nº26 - 2º Izq - 15701 Santiago de Compostela, A Coruña / Repr: María Teresa Docampo	CT	52.42				
4	Muiño Vello Ref Catastral: 15095A004006560000OH	Rústico	MALAYO ITG SL R/ Serrano Nº41 - 4º - 28001 Madrid, Madrid	Apoio	2.0				

Abreviacións:

ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

m² aé: superficie de servidume aérea en m²

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m² sot: superficie de servidume soterrada

